



Medio Ambiente
Expte. 2025/FIT-07
Expte TEDEC. 2025/X006/001040

ANUNCIO Á VECIÑANZA

Infórmase á veciñanza que, consonte ao artigo 49.9 do Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, e na demais lexislación vixente en materia de sanidade vexetal e protección ambiental, está prevista a realización dun tratamento fitosanitario non agrario na subestación eléctrica de Sabón (TAMRI: Mesón), propiedade de Red Eléctrica de España, S.A.U. entre os días 9 e 13 de xuño de 2025.

O tratamento será realizado por SERVICIOS INDUSTRIALES Y TRANSPORTES, S.A., e está destinado ao control de emerxida, monocotiledóneas, dicotiledóneas, vexetación de folla ancha e especies arbustivas. Os produtos fitosanitarios a empregar estarán identificados na sinalización colocada nas instalacións, e son os seguintes:

SPASOR PLUS ES-00722, U-46 SP FLUID 14.594, KYLEO RC ES-01468, GENOXONE ZX 24.954 e TORDON STAR 25.455

As zonas tratadas estarán debidamente sinalizadas e permanecerán restrinxidas ao acceso segundo os prazos de seguridade establecidos.

Recoméndase á cidadanía que adopte as medidas de precaución oportunas e respecte a sinalización no lugar durante os días indicados.

Para máis información, poden dirixirse ao Concello (Departamento de Medio Ambiente)

Por Delegación, 1243/2025 de data 08 de maio do 2025
Asdo.- D. Víctor Merelas García
CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO AMBIENTE
Asinado dixitalmente na data do documento electrónico.